Serapias lingua L., 1753

	lingüeira, crista de galo, herba lingua, estrangurria, longoeira, galiños
	serapias en lengua, gallos, flor de abeja
	gall, galls, coa de gall, llengo de frare
	tongue serapias, t. orchid
	erva-língua, lengoeira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Liliopsida**	**Asparagales**	**Orchidaceae**	***Serapias***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Orquídea perenne autótrofa, herbácea e bastante común. Talos verdosos e ás veces con raias avermelladas na base, erectos e miden entre 8 e 55 cm de altura. Na súa base hai de 1 a 5 tubérculos subterráneos ovoides ou globosos, todos pedunculados agás un. As follas (4-7), alternas, verdes e sen manchas, son todas caulinares, dispostas en espiral, de 30-90 x 4-13 mm; teñen forma lineal-lanceolada. Flores dispostas nunha espiga terminal, erecta e multiflora, con 2-6 flores, laxas, cilíndricas, de 2-18 cm. O froito é unha cápsula. Florece de abril a xuño.

HÁBITAT

En pasteiros curtos e pobres, ribeiras, matogueiras, prados húmidos, prados pantanosos e bosques abertos. Tanto en substratos ácidos como básicos. Ata 1900 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Sur de Europa: leste de Grecia, oeste de Portugal e norte de Francia e do Reino Unido. Amplía a súa área de distribución ata o noroeste de África.

CURIOSIDADES

Atrae as abellas macho da especie *Ceratina cucurbitina* a través do seu aroma semellante ás feromonas das femias; por iso non necesitan producir néctar para atraeren os polinizadores.